

CURSO 24/25

CENTROS ADSCRITOS ao IES de Ribadeo Dionisio Gamallo

Centro	Ensinanzas	Tipo de admisión
C.E.I.P. Gregorio Sanz	E.S.O.	Admisión de alumnado
C.E.I.P. Celso Currás	E.S.O.	Admisión de alumnado
C.E.I.P. San Cosme de Barreiros	E.S.O.	Admisión de alumnado
C.E.I.P. San Miguel de Reinante	E.S.O.	Admisión de alumnado
I.E.S. Ribadeo Dionisio Gamallo	E.S.O.- Bacharelato	Admisión do alumnado

CURSO 2024-25

OFERTA DE POSTOS ESCOLARES

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (E.S.O.)

	prazas	vacantes ⁽¹⁾
1º ESO	90	21
2º ESO	90	10
3º ESO	90	15
4º ESO	90	7
total	360	53

BACHARELATO

	prazas	vacantes ⁽¹⁾
1º BAC	99	40
2º BAC	99	37
total	198	77

Total IES de Ribadeo Dionisio Gamallo**558**

(1) Nas prazas vacantes están restadas do total (en 1º ESO) as reservas de praza dos centros adscritos e as 9 prazas reservadas para Apoio Educativo.



Ribadeo, 28 de febreiro de 2024



Asdo.: Modesto Refojo Alvariño (Director)

PROCESO DE ESCOLARIZACIÓN 2024-2025

- 1 A 20 DE MARZO: PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE ADMISIÓN

- As solicitudes de reserva e de admisión de alumnado realizaranse no modelo ED550B-anexo II, e a comprobación dos membros da unidade familiar no anexo II bis.
- As persoas solicitantes poderán:
 - a) **Cubrir os formularios na aplicación admisionalumnado e presentalos por vía electrónica**, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, sempre que se dispoñan de certificado dixital ou de Chave365. O anexo II-bis, unha vez cuberto, deberán imprimilo, asinalo e axuntalo coa solicitude (anexo II).
 - b) **Descargar os formularios da aplicación admisionalumnado**, da sede electrónica da Xunta de Galicia (dirección <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/>) ou da páxina web do centro, para **cubrilos manualmente e presentalos de forma presencial**.
- A solicitude poderá asinala calquera das persoas titulares da patria potestade, cando se refiran a fillas/os comúns dun matrimonio non separado legalmente nin divorciado ou dunha parella de feito debidamente inscrita no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.
Nos demais casos requírese a sinatura das dúas persoas titulares, agás que a patria potestade estea atribuída a unha delas con carácter exclusivo, ou en situacións de violencia de xénero.

Para maior información consultar **INSTRUCCIÓNS DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS SOBRE DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2024-2025** (achégase copia na páxina web do centro).

- **5 de abril**: presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo.
- **25 de abril**: publicación das listaxes provisionais de admitidos e non admitidos.
- **15 de maio**: publicación das listaxes definitivas de admitidos e non admitidos.
- **24 de xuño ó 7 de xullo**: **formalización matrícula**.

Atención ós **prazos de prematrícula** e á **distribución de matrícula por días**.

NOTA IMPORTANTE:

A solicitude será **única**. Unha solicitude de admisión presentada nun centro educativo poderá anularse mediante a presentación doutra solicitude posterior, indicando expresamente por escrito que queda sen efecto a anterior ou anteriores.

-A normativa reguladora do proceso de admisión:

- *DECRETO 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*
- *ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*
- *ORDE do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*